




FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



CAFI



5. PARA SEGUIR FORMÁNDOTE



A FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO A REDE E O PLAN ANUAL DE FORMACIÓN

Esquema

1. Por que falamos de formación permanente do profesorado?
2. A Rede de Formación do Profesorado: o Plan Anual de Formación do Profesorado

1. Por que falamos de formación permanente do profesorado?

Para introducirmos neste tema, o mellor é dar lectura ao **Texto Consolidado da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación** pois no seu Artigo 102 abórdase directamente esta cuestión:

Artigo 102. Formación permanente.

1. A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros.
2. Os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, tutoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade da ensinanza e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo sete da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
3. As Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente



da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación neste ámbito. Igualmente, correspóndelles fomentar programas de investigación e innovación.

4. O Ministerio de Educación e Ciencia poderá ofrecer programas de formación permanente de carácter estatal, dirixidos a profesores de todas as ensinanzas reguladas na presente Lei e establecer, a tal efecto, os convenios oportunos coas institucións correspondentes.

Vexamos como o vexamos, como un dereito convertido en deber ou un deber fornecido en dereito, en todo caso, é algo que debe estar moi presente no día a día do profesorado e nas propias Administracións Públicas que son as que concretarán a estrutura na que encher de contido ese deber e ese dereito.

2. A Rede de Formación do Profesorado: o Plan Anual de Formación do Profesorado


En Galicia, a normativa de referencia que regula a formación permanente do profesorado é o [DECRETO 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación \(LOE\), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia](#) e a [ORDE do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia](#).

Para organizar a formación permanente do profesorado en Galicia créase o **Servizo de Formación do Profesorado**. A súa finalidade é a de ser o órgano responsable da coordinación das estruturas de formación permanente do profesorado e da promoción, xestión e rexistro das accións formativas.

Baixo a súa coordinación atópanse o **Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)** e os **Centros de Formación e Recursos (CFR)**, un por cada capital de provincia aos que se suman Ferrol e Vigo.



Rede de Formación
Permanente do Profesorado



O Servizo de Formación do Profesorado, o CAFI e os CFRs forman o que se coñece como a **Rede de Formación do Profesorado en Galicia** que é a que se encarga de organizar as actividades de formación ofertadas por parte da Administración educativa en Galicia. Podes visitar a web de cada un destes centros premendo nas seguintes imaxes que te darán acceso ás actividades que están ofertándose neste momento e ás liñas de traballo abertas:

[CAFI SANTIAGO](#)

[CFR FERROL](#)

[CFR A CORUÑA](#)

[CFR LUGO](#)

[CFR OURENSE](#)

[CFR PONTEVEDRA](#)

[CFR VIGO](#)

Todos os cursos publícase o Plan de Formación Anual do Profesorado, que é un documento no que se recollen todas as actividades formativas para o profesorado que se levan a cabo desde a Consellería na nosa Comunidade, así como os criterios de admisión e avaliación das mesmas, as convocatorias específicas, os programas educativos ou a estrutura e organización dos plans de formación en centros.





Como a formación é para ti un dereito pero tamén un deber, é importante que lle botes unha ollada ao Plan de Formación para este curso 2020-21. Podes premer directamente na imaxe ou botarlle unha ollada na seguinte [ligazón](#).

Algunha información sobre como se organizan as actividades

Tal e como se recolle na [ORDE do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia](#), as actividades de formación do profesorado clasifícanse, segundo sexa a forma na que participemos nelas, en tres grandes tipos:

- **Presenciais:** Accións formativas en cuxo desenvolvemento se esixe a presenza do profesorado participante
- **Na Rede:** Accións formativas cuxa realización se leva a cabo mediante ferramentas electrónicas e a través de Platega



- **Mixtas:** Aquelas en que se combinan fases

presenciais e na Rede

As formacións na Rede realízanse a través da Plataforma de Teleformación de Galicia (PLATEGA) e dela falaremos máis adiante.

As formas de participación presenciais e as mixtas, poden ter algunha das seguintes modalidades básicas:


- **Cursos:** é a modalidade de formación que aborda contidos relacionados coa actualización científica, didáctica, tecnolóxica e profesional do profesorado, desenvolta basicamente a partir das achegas de especialistas.

- **Congresos:** é unha modalidade formativa de carácter puntual cuxo principal obxectivo é difundir contidos sobre un tema monográfico previamente fixado, intercambiar experiencias ou debater sobre os avances que se veñen realizando no campo científico, didáctico ou profesional. No seu deseño poderanse incluír conferencias de persoas expertas, presentación de experiencias e comunicacións, obradoiros, mesas redondas e exposicións de material. Asimilaranse á modalidade congreso para os efectos de certificación, recoñecemento e rexistro os obradoiros, as xornadas e os encontros.

- **Plans de Formación Permanentes do Profesorado (PFPP):** Son accións formativas destinadas á actualización e ao perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado, para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado.

Os plans estarán integrados por unha ou dúas liñas de actuación. Cada liña, a súa vez, desenvolverase a través dun itinerario formativo e cada un destes constará, como norma xeral, de dúas ou tres actividades formativas (curso, grupo de traballo ou seminario).

Estes plans terán unha planificación mínima de dous cursos escolares e máxima de catro, contarán coa participación mínima do 40% do claustro, salvo casos excepcionais e deben centrarse nunha serie de liñas de actuación marcadas pola administración. A preinscrición e presentación de solicitudes ten lugar no terceiro trimestre do curso (maio-xuño).



• **Grupos de Taballo:** Modalidade formativa

baseada no traballo colaborativo que ten por obxecto a elaboración ou a análise de proxectos e materiais curriculares, así como a experimentación dos mesmos centrada nas diversas situacións educativas. Cada grupo presentará un proxecto e, ao rematar, unha memoria que recolla todos os aspectos, formativos e/ou experimentais, traballados ao longo do mesmo. Poderá participar o profesorado en servizo activo de todos os niveis educativos non universitarios e deberá estar constituído por un mínimo de 3 membros e un máximo de 10, pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos, incluíndo neste cómputo a persoa responsable da coordinación do grupo. A duración será dun mínimo de 20 horas e un máximo de 50. A preinscrición e presentación de solicitudes ten lugar no primeiro trimestre do curso (setembro-outubro).

• **Seminarios:** Modalidade de formación baseada no traballo colaborativo que a partir da reflexión conxunta, o debate interno e o intercambio de experiencias permite afondar no estado de cuestións educativas tanto referentes ás distintas ciencias disciplinares como ás didácticas das mesmas ou a outras ciencias da educación. O seminario deberá axustarse ás temáticas propostas pola administración, poderá participar o profesorado en servizo activo de todos os niveis educativos non universitarios e deberá estar constituído por un mínimo de 8 membros e un máximo de 20, pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos, incluíndo neste cómputo a persoa responsable da coordinación do grupo. A duración será dun mínimo de 20 horas e un máximo de 50. A preinscrición e presentación de solicitudes ten lugar no primeiro trimestre do curso (setembro-outubro).



CAFI. Tipoloxía de actividades de formación (CC BY-SA)

